



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 1 DE ABRIL O DE 2026

**EXPEDIENTE:** 2026/G007/000008

Visto que o vindeiro venres, 03/04/2026, é festivo e que neste día correspondería celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Visto que na Resolución da Alcaldía núm. 426/2023, pola que se fixou o día e hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, estableceuse, cita literal: *“Que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria os venres da semana que corresponda, ás doce horas (12:00 horas). Non obstante a celebración da mesma poderá adiantarse ou atrasarse ao primeiro día hábil laborable anterior ou posterior no caso de que o venres coincida cun día inhábil ou non laborable, podendo variarse neste caso a hora da convocatoria”.*

Considerando, polo motivo que a continuación se dirá, que resulta oportuno adiantar a celebración da citada sesión ordinaria, a mañá, 01/04/2026 (mércores), primeiro día hábil laborable anterior ao 03/04/2026.

Considerando que se ten ultimado a tramitación do expediente “Modificación do prezo público para a excursión da Terceira Idade”.

Considerando a proximidade da viaxe e que ademais debe de procederse a realizar a preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa necesidade de realizar as correspondentes autoliquidacións e pagos por parte dos participantes.

Considerando, pois, que a adopción do correspondente acordo pola Xunta de Goberno Local debe adoptarse de forma inmediata e polo tanto con carácter urxente, sen que sexa posible sométele ao preceptivo ditame da Comisión Especial de Contas, de conformidade co establecido no acordo plenario de data 13 de xullo de 2023 en aplicación do art. 113.1 e) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Advertido pola secretaría que non se está nun suposto que se poda encadrar no concepto de *“urxencia”* senón ante unha falta de previsión/actuación en tempo da administración.

Considerando, non obstante, esta alcaldía que o asunto a tratar na sesión si reúne ese carácter urxente polo que queda plenamente xustificado non sométele a ditame da Comisión Especial de Contas e que, en todo caso, este órgano terá coñecemento do asunto, xa que o mesmo lle será sometido aínda que *“a posteriori”* dándose conta, tal e como prevé o art. 126.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así, pois, á vista do exposto é polo que de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos arts. 113 e 126 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o acordo plenario de data 13/07/2023, así como a Resolución desta Alcaldía núm. 426/2023, de data 17/07/2023,

RESOLVO:



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que terá lugar na Casa do Concello (Alcaldía), o vindeiro día **1 de abril de 2026 (mércores), ás 13:15 horas**, coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria, expte. 2026/G007/000005, de data 20 de febreiro de 2026.

2º.- Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, arts. 82.3 e 113 RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Modificación do prezo público para a excursión da Terceira Idade.

**Segundo.** Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).